



**Deputación  
DA CORUÑA**

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA  
Concepción Arenal, 1-3, Bloque 1 - 1.º D  
15006 A CORUÑA  
Teléf.: 981 415 900

## IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

CONCELLO DE <sup>(1)</sup>

(SÓ CONCELLOS DELEGANTES)

*Obrigatorio seleccionar concello delegante*

### SUXEITO PASIVO <sup>(2)</sup>

PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO					
NOME OU RAZÓN SOCIAL			NIF / NIE / CIF		Nº SUXEITOS PASIVOS (3)		
NOME VÍA PÚBLICA			NÚM.	ESC.	PISO	PORTA	CÓD. POSTAL
MUNICIPIO	PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO				

### REPRESENTANTE <sup>(4)</sup>

NIF	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME				
NOME VÍA PÚBLICA			NÚM.	ESC.	PISO	PORTA	CÓD. POSTAL
MUNICIPIO	PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO				

### DATOS DO/S INMOBLE/S

REFERENCIA/S CATASTRAL/AIS (5)	SITUACIÓN
--------------------------------	-----------

### DATOS DA TRANSMISIÓN

IDENTIFICACIÓN DO ACTO OU NEGOCIO XURÍDICO (6)			COEFICIENTE QUE SE TRANSMITE (7)	
PÚBLICO PRIVADO	DATA DO DOCUMENTO	NOTARIO/A OU ÓRGANO XUDICIAL		NÚM. PROTOCOLO / PROCEDEMENTO
TRANSMISIÓN MORTIS CAUSA	DATA DE FALECIMENTO	NOME DO/A CAUSANTE		NIF CAUSANTE
DATA DE DEVINDICACIÓN (8)		DATA/S DA TRANSMISIÓN ANTERIOR (8)		

## DATOS PARA A XESTIÓN DO IMPOSTO

OPCIÓN PARA CALCULAR A BASE IMPONIBLE	OPCIÓN A) VALOR CATASTRAL DO TERREO * COEFICIENTE ART. 107.4 TRLRHL OPCIÓN B) DIFERENCIA ENTRE VALORES DE TRANSMISIÓN E ADQUISICIÓN <sup>(10)</sup> <sup>(12)</sup>
BENEFICIOS FISCAIS <sup>(11)</sup>	EXENCIÓN
	BONIFICACIÓN
NON SUXEIÇÃO	NON INCREMENTO DO VALOR DO TERREO <sup>(12)</sup>
	OUTROS SUPOSTOS <sup>(13)</sup>
SOLICITUDE DE PRÓRROGA (SÓ NAS TRANSMISIÓNS MORTIS CAUSA)	

A presente declaración fórmase, en cumprimento do establecido nos apartados 1, 2 e 3 do artigo 110 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nos artigos concordantes da ordenanza fiscal do concello titular do tributo, para os efectos de que por parte da Deputación Provincial da Coruña se practique, se proceda, a oportuna liquidación deste imposto.

### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

Copia simple da escritura pública.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

O/A DECLARANTE

(sinatura)

De acordo coa normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos facilitados serán tratados pola entidade titular do tributo ou ingreso de dereito público como responsable do tratamento e pola Deputación da Coruña como encargado do dito tratamento co fin de xestionar o mencionado imposto. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento. A Deputación da Coruña non cederá datos a terceiros, salvo obrigaón legal. A Deputación conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou de xeito presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para calquera outra dúbida en materia de protección de datos pode dirixirse ao Delegado de Protección de Datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal)

Máis Información: [https://sede.dacoruna.gal/opencms/gl/sobrelasede/proteccion\\_datos/](https://sede.dacoruna.gal/opencms/gl/sobrelasede/proteccion_datos/)

**SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

## **INFORMACIÓN XERAL**

**USO DESTE MODELO:** Exclusivamente cando o terreo transmitido ou sobre o que se constitúe ou transmite un dereito real estea situado nun municipio que delegara a xestión e recadación do imposto na Deputación Provincial da Coruña.

### **PRAZO PARA PRESENTAR A DECLARACIÓN:**

**a)** Nos actos ou contratos “inter vivos”, trinta días hábiles contados desde o seguinte a aquel ó que tivera lugar a transmisión.

**b)** Cando se trate de transmisións “mortis causa”, o prazo é de seis meses contados desde o día do falecemento do causante, prorrogables ata un ano por solicitude do suxeito pasivo antes do vencemento dos primeiros seis meses.

Se a declaración se presenta fóra do prazo sen requirimento previo da administración, na liquidación que se practique exisírase a porcentaxe de recarga que corresponda, de entra as previstas no artigo 27 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e, se é o caso, xuros de mora, en función do retraso no que se incurrixe na dita presentación.

### **DOCUMENTACIÓN QUE DEBE XUNTARSE:**

- Copia simple do documento público ou privado no que conste o acto ou contrato que orixina a imposición, no caso de transmisión “inter vivos”; certificación de defunción, certificación de últimas vontades e testamento ou declaración de herdeiros para transmisións “mortis causa”.

- Documentación que acredite a/s data/s de adquisición do/s ben/s obxecto de transmisión ou sobre os que se constitúe ou transmite un dereito real.

### **INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O MODELO:**

1. Consigne o municipio no que radica/n o/s inmovible/s que se transmite/n ou sobre o que se constitúe/n ou transmite/n un/s dereito/s real/s. Só concellos delegantes (ver ANEXO).
2. É **suxeito pasivo** a persoa física ou xurídica, ou, se é o caso, algunha das entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria (herdanzas xacentes, comunidades de bens, ...), obrigada a presentar declaración e a ingresar o importe da débeda tributaria. Consonte co artigo 106 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, teñen a condición de suxeito pasivo:
  - a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais a título lucrativo, o adquirente do terreo ou a persoa ou entidade a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.
  - b) Se o acto ou negocio xurídico que orixina a transmisión é a título oneroso, é suxeito pasivo o transmitente do terreo ou a persoa ou entidade que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate. Agora ben, se tal condición recae nunha persoa física non residente en España, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte a persoa ou entidade que adquira o terreo ou a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real correspondiente.
3. Se son máis dun os suxeitos pasivos, especifique aquí o seu número. Neste caso, poderá calquera deles, en nome propio e no dos demais, presentar unha única declaración pola totalidade do obxecto tributario.
4. O/a representante deberá achegar o documento que acredite válidamente a representación.
5. Indique a/as referencia/s catastrais do/s inmovible/s transmitido/s segundo os datos do último recibo/liquidación do imposto sobre bens inmoables (IBI).
6. Compravenda, herdanza, doazón, legado, usufructo, uso, habitación, permuta, expropiación, poxa, etc.
7. Todo, parte indivisa, superficie, superficie ou coeficiente de propiedade.
8. ★ Nos casos ou contratos “inter vivos”, a do outorgamento da escritura pública. Se se trata de documentos privados, tomarase a data da súa presentación perante o concello impositor ou perante a Deputación Provincial da Coruña.
  - ★ No caso das transmisións “mortis causa”, atenderase á data de falecemento do causante ou, se é o caso, á de adquisición de firmeza da declaración de falecemento do ausente.
  - ★ Nas poxas xudiciais, administrativas ou notariais, tomarase a data do auto ou providencia que aproba o remate.
  - ★ Nas expropiacións forzosas, a data da acta de ocupación e pagamento.
9. Consigne aquí a/s data/s da transmisión inmediatamente anterior da propiedade ou do dereito real de que se trate, ou a de constitución deste último.
10. Únicamente se empregará este método, aínda que o contribuínte optase por el, se se constata que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada de acordo co disposto nos apartados 1 a 4 do artigo 107 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
11. Marque cun X o cadro correspondente e cite a disposición legal ou o artigo da ordenanza fiscal no que se fundamente o suposto de exención ou de bonificación pretendido.
12. Neste caso deberá achegar a documentación que acredite o valor do/s terreo/s na/s data/s da súa adquisición e transmisión, nos termos previstos no artigo 104.5 do citado texto refundido la Lei reguladora das facendas locais.
13. Cite a disposición legal ou o artigo da correspondente ordenanza fiscal no que se fundamente o suposto de non suxeición pretendido.

## ANEXO

### CONCELLOS DELEGANTES DO IIVTNU NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

AMES

ARES

ARZÚA

BERGONDO

BETANZOS

BOQUEIXÓN

BRIÓN

CABANA DE BERGANTIÑOS

CABANAS

CAMARIÑAS

CAMBRE

CARIÑO

CARNOTA

CARRAL

CEDEIRA

CEE

CORCUBIÓN

CORISTANCO

CULLEREDO

LARACHA, A

LAXE

MELIDE

MIÑO

MUGARDOS

MUROS

NARÓN

NEDA

NEGREIRA

OROSO

ORTIGUEIRA

PINO, O

POBRA DO CARAMIÑAL, A

PONTECESO

PONTEDEUME

PORTO DO SON

SADA

TEO

VALDOVIÑO

VAL DO DUBRA

VEDRA

ZAS